



Confederación Intersindical Galega  
**ENSINO**

# informa

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

## Concurso de traslados 2018



- Información sobre a convocatoria
- Concurso específico para EOE
- Propostas da CIG-Ensino na Mesa Sectorial
- Estudo da CIG-Ensino sobre o profesorado participante e datos sobre a última adxudicación

# Datas e prazos de interese

<b>Prazo de participación</b>	Fíxase na orde que se publicará no DOG (31 de outubro). O prazo para participar está previsto do 6 ao 27 de novembro.
<b>Modelo de participación</b>	A través da web da Consellaría. Unha vez impresa a instancia de participación e a de alegación de novos méritos e publicacións (se procede) hai que presentala por rexistro. Pode entregarse na secretaría do centro, que funciona como rexistro só a efectos do CXT.
<b>Vacantes provisionais</b>	A CIG reclamou na Mesa que se coñecesen antes de rematar o prazo de PARTICIPACIÓN. A data figurará na convocatoria publicada no DOG.
<b>Resolución provisional</b>	Publícase na web da Consellaría.
<b>Reclamacións e renuncias</b>	10 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución provisional na web da Consellaría. As reclamacións ao baremo xa se poderán presentar unha vez se vaia facendo público na web da Consellaría.
<b>Vacantes definitivas</b>	A CIG reclamou na Mesa que se coñecesen antes de rematar o prazo de RENUNCIAS e RECLAMACIÓNS. A data figurará na convocatoria publicada no DOG.
<b>Resolución definitiva</b>	Publícase na web da Consellaría e no DOG.

## A ter en conta...

- O CXT 2018/19 ten carácter estatal. Pode participar nel calquera persoa que estea destinada fóra de Galiza sempre que teña destino definitivo no seu ámbito territorial.
- Todo o profesorado sen destino definitivo ten a obriga de participar.
- O funcionariado en prácticas participa con cero puntos.
- A CIG-Ensino demandou a convocatoria dos Concursos Específicos de Orientación do corpo de mestres e de prazas para as EPAPU. No momento do peche de edición deste CIG-Inforna non está decidido se a Consellaría convocará estes concursos.



# Vacantes

Unha vez máis esiximos unha negociación real de todas as vacantes. Un simple intercambio de datos nas Xefaturas Territoriais non pode considerarse negociación. A representación sindical e todo o profesorado debe coñecer a realidade dos cadros de persoal e as necesidades que existen para dotar de profesorado definitivo os claustros.

Demandamos que se coñeza oficialmente o cadro de persoal con destino definitivo en todos os centros de secundaria, FP e réxime especial. **O sistema de cupo é unha arbitrariedade e unha absoluta falta de transparencia.** A Consellaría debe pór fin ao alto número de docentes en expectativa. Tamén demandamos que se cubran a totalidade das prazas de catálogo do corpo de mestres, xa que a día de hoxe hai prazas catalogadas e non ofertadas a concurso malia ter horario completo e cubrirse con provisionais.

O obxectivo da **CIG-ENSINO** non é outro que reducir o tempo de permanencia como docentes en expectativa ao mínimo. Hai que garantir que todo o profesorado poida acadar un **destino definitivo nun máximo de 2 anos** desde que aprobou o proceso selectivo.

## Un toque de atención á Consellaría para rematar coas arbitrariedades

A **CIG-ENSINO** gañou no 2017 unha **sentenza** que sentou as bases para eliminar a arbitrariedade coa que actuaba a Consellaría coas vacantes provisionais publicadas, retirándoas sen xustificación da adxudicación definitiva. Na orde deste ano xa se recolle que poderá haber cambios entre as vacantes provisionais e definitivas mais só

no caso de “existir un erro de definición nas mesmas ou de tratarse de prazas cuxo funcionamento non se encontre previsto na planificación escolar”. A **CIG-ENSINO**, como en todos os concursos, estará alerta ante calquera cambio que non teña xustificación.

*Esiximos  
transparencia para  
coñecer todas as prazas  
que teñen horario para seren  
ofertadas no CXT.*

*Demandamos negociación  
real e publicidade dos  
cadros de persoal.*

## Negociación real de vacantes, xa!

No CXT do 2017-18 houbo un importante incremento de vacantes ao respecto doutros anos, atendendo parcialmente as demandas que lle foron trasladadas desde a **CIG-ENSINO**. Mais o problema, especialmente nos corpos de secundaria, FP e réxime especial, dista moito de se resolver, cuns **altos índices de permanencia en expectativa** e cunhas **cifras moi elevadas de prazas adxudicadas no CADP que logo non se ofertan no CXT.**

Finalmente a Consellaría aceptou para este ano a nosa proposta de negociar as vacantes nos Servizos Centrais da Consellaría e non nas Xefaturas Territoriais, onde especialmente nas provincias da Coruña e Pontevedra se bloqueaba calquera posibilidade de negociación real das prazas. Non foi sen tempo mais benvido sexa este cambio que tamén asumiron as organizacións sindicais que nos últimos anos se opoñían a unha negociación centralizada. Agardemos que agora se produza unha negociación real que implique un incremento substancial do profesorado con destino definitivo. A **CIG-ENSINO** propuxo que nesa comisión técnica dependente da Mesa Sectorial se debatan e aproben os criterios que deben terse en conta para que unha praza se oferte (cómputo de horario de ámbitos da FB Básica, horario de determinadas materias non adscritas formalmente a unha especialidade única...)

The screenshot shows the CXT website interface. On the left is a dark navigation menu with 'Inicio' and 'Listaxes concurso'. The main content area has a light blue header with 'Inicio' and social media icons. Below is a section titled 'Aplicativo do Concurso Xeral de Traslados 2017 - 2018' with several links: 'Para ver o manual de usuario da aplicación. Prema aquí.', 'Para acceder á información relacionada co concurso xeral de traslados. Prema aquí.', 'Para acceder á información relacionada co concurso de traslados de orientación. Prema aquí.', and 'Para consultar os documentos publicados en relación ao concurso: Menú Listaxes concurso > Documentos publicados'.



## **Importante incremento de vacantes de PT e AL en prazas itinerantes**

No corpo de mestres ten moita relevancia o feito de que se incorporen por vez primeira **135 prazas compartidas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe**. Estas prazas responden á **campaña emprendida pola CIG-ENSINO** no pasado concurso de traslados. O sindicato foi moi crítico cando se publicou no mes de xullo o novo catálogo coa incorporación destas prazas itinerantes sen negociar previamente na Mesa. Entendemos que moitas desas vacantes deben ter suficiente carga de traballo sen que se deba producir a compartición de centros.

## **Atención á diversidade nos IES**

A **CIG-ENSINO** demandou na Mesa Sectorial un incremento dos postos definitivos de PT nos IES e a creación de prazas definitivas de AL naqueles nos que ano tras ano se veñen cubrindo con carácter provisional.

A Consellaría afirmou que estaría en disposición de aumentar no CXT **segundas prazas de PT nalgúns IES**, como lle solicitamos, revisando os casos nos que durante anos se ofertan estinos provisionais. Porén, de momento **néganse a sacar no CXT prazas de AL nos institutos**.

Polo tanto, e aínda sabendo que non existe ningunha garantía de que se vaian incorporar novas prazas, **aconsellamos a aquelas mestras e mestres de PT que estean interesados en traballar nun IES** que soliciten prazas que se ofertaron no CADP, especialmente aquelas que se

veñan repetindo durante varios anos no CADP.

## **Vacantes nos Conservatorios Superiores e Profesionais**

Neste CXT participará o profesorado que accedeu ao corpo de cátedras de música e artes escénicas. Tamén está previsto que se oferten prazas nos CMUS Superiores para o corpo de profesorado de Música e AA.EE. para impartir as materias propias deste corpo. **As prazas que deixen vacantes quen obteña destino polo corpo de cátedras nos CMUS Profesionais poderán ser ofertadas como resultas.**

## **Itinerancia nos CRA**

Logo da proposta de aclaración presentada pola **CIG-ENSINO**, a Consellaría amosouse partidaria de indicar expresamente, para evitar confusións, que **as prazas de todas as especialidades nos CRA diferentes de EI e EP teñen carácter itinerante** (son de petición voluntaria e non se adxudican de oficio). Estas dúas especialidades non terían, por tanto, a efectos do concurso de traslados, carácter itinerante, polo que si poden adxudicarse de oficio. A decisión final da Consellaría está condicionada polos problemas que provoca depender da adxudicación centralizada en Madrid.

## **Prazas de mestres na ESO**

Só o profesorado do corpo de mestres que tiña destino definitivo na ESO no ano de entrada en vigor da LOE (entre 700 e 800 segundo a Consellaría) pode solicitar prazas nos IES nas especialidades diferentes a PT (especialidade castigada pola Consellaría e co respaldo das sentenzas que denegan a

súa consideración como unha das especialidade propias da ESO a efectos curriculares e da percepción do complemento compensador).

A experiencia vén demostrando que as vacantes de mestres do **1º ciclo de ESO** se adxudican se hai **demanda**, mais solicitamos que se publiquen todas as prazas e posibles resultas deste colectivo con horario que serían susceptíbeis de seren ofertadas. A Consellaría di que non o vai facer, mais mantén o compromiso de adxudicar cando haxa demanda e horario suficiente en 1º e 2º da ESO.

## **Resultas cando se cambia de corpo docente**

A norma que presenta a Consellaría impide que unha resulta dun docente que acada un destino noutro corpo poida adxudicarse como resulta e faise unha excepción coas prazas nos CMUS profesionais que deixen libres as persoas que obteñan destino por cátedras. A **CIG-ENSINO** está de acordo con esta excepción e entendemos que debería ser a norma e **adxudicárense como resultas todas as prazas aínda que haxa un cambio de corpo**. Pensemos, por exemplo, nas persoas que superaron os proceso de acceso a EOI e que poden liberar prazas en IES que, coa proposta da Consellaría, non se cubrirán.

A Consellaría confirmounos posteriormente que non van ofertar resultas de cambio de corpos, agás no caso de cátedras de CMUS. Comprometéronse, por outro lado, a introducir unha modificación para que aquel profesorado que acaba de aprobar o acceso a EOI e está en expectativa non teña obriga de pedir destino como PES.

# Propostas da CIG-Ensino na Mesa Sectorial

## Lingua

A **CIG-ENSINO** demanda un ano máis que todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse no noso idioma. Se para aprobar unha oposición é preciso un nivel mínimo debemos manter ese requisito para a mobilidade.

A día de hoxe só as especialidades de Infantil e Primaria do Corpo de Mestres

e de Historia e Bioloxía de Secundaria, así como todas as específicas da FP teñen ese requisito. **Esiximos a competencia no noso idioma en todas as materias.** O profesorado non só imparte a súa materia, tamén accede a cargos directivos, ten función tutorial ou imparte afíns.

No caso dos corpos de profesorado de cátedras de música e artes escénicas este perfil lingüístico reproduciría

a esixencia que se fixou para o acceso a cátedras. Demandamos que se manteña no CXT.

Por outro lado, nun concurso no que se ten en conta todo tipo de meritocracia, a **CIG-ENSINO** propón que se valore como mérito a impartición de aulas en galego, tal e como recolle a convocatoria estatal para linguas doutros territorios.

## Cuestións xerais sobre a convocatoria do CXT

### Aplicación informática

Reclamamos que funcione ben desde o primeiro día e que se, como ten acontecido outras ocasións, dá erro, se amplíe o prazo de participación.

### Número de prazas solicitadas

As peticións están limitadas a 300 por un criterio fixado polo Ministerio que non ten ningún sentido. Esta cifra é claramente insuficiente para algúns corpos e especialidades. A **CIG-ENSINO** demandou que se poidan pedir o mesmo número de destinos que na convocatoria do concurso de ámbito galego, 500 no corpo de mestres e 400 no de secundaria.

### Excepción de participación para profesorado desprazado

O profesorado desprazado dun centro no que hai, na súa especialidade, unha persoa maior de 63 anos non ten a obriga de participar no CXT. A CIG-Ensino propuxo que se rebaixe a idade a 60, ao que a Xunta se negou.

### Prazas plurilingües

Para adxudicar unha praza con perfil bilingüe non se teñen en conta as seccións bilingües senón só as prazas que implican a total impartición da materia noutro idioma (inglés, francés, etc). Reclamamos que as prazas plurilingües non saian a concurso, pois son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva. A provisión debe ser como **prazas ordinarias**. Se se teñen que impartir áreas ou materias con perfil bilingüe debe facerse tendo en conta o profesorado de cada centro. Se existe con esas características cubriríase con destino definitivo e, de non ser así, con destinos provisionais. A Consellaría afirma que en Galiza non se teñen en conta as seccións bilingües como noutras CC.AA. e que non van modificar o criterio das plurilingües

### Non adxudicación de oficio de bilingües e itinerantes

Nesta convocatoria recóllese expresamente, como viña demandando a **CIG-ENSINO**, que non se adxudiquen de oficio prazas itinerantes nin con perfil bilingüe. Seguimos a reclamar que a colocación de oficio debería estar limitada á especialidade pola que se opositou, ao que se segue a negar a Consellaría.

### Comisión de avaliación

A comisión de avaliación de méritos dos apartados 6.1 e 6.3 será elixida por sorteo **entre todo o profesorado da cidade de Compostela**. A **CIG-ENSINO** solicita que, cando menos, debe estenderse máis o ámbito, para evitar que o profesorado repita. Non entendemos que a presidencia teña que recaer na inspección e defendemos que sexa un ou unha docente por sorteo. Esiximos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

## Outras cuestións específicas

*Alén dalgúns erros que lle foron comunicados pola CIG-ENSINO e que a Consellaría anunciou que rectificaría no texto que se publique no DOG, salientamos outras cuestións de interese deste CXT:*

- **Base 16ª.** *Inclúese como novidade que no exercicio do dereito preferente non se incorporarán de oficio as prazas con bilingüismo nin as itinerantes para o persoal suprimido ou desprazado.*
- **Base 24ª.** *1, 2 e 6. Forma de facer as peticións. Botamos de menos que se homologuen as peticións de destinos para prazas con perfil bilingüe ou itinerante. Neste sentido o feito de ter que repetir as prazas reduce as opcións das participantes no concurso. Debería habilitarse a opción de pedir como no CADP, indicando na mesma petición se tamén se pide a praza como itinerante ademais da praza ordinaria. A Consellaría non atenderá a nosa proposta e non vai introducir cambios.*
- **Base 28ª.** *Especifícase que non se adxudicarán de oficio prazas itinerantes nin as bilingües.*
- **Base 33ª.** *Introdúcese no texto da convocatoria o sistema para solicitar un destino no caso de funcionarias que sexan vítimas de violencia de xénero. Non é unha novidade xa que é o que se viña facendo, mais agora aparece expresamente na orde.*

## Baremo

### Ataduras de Madrid

A Consellaría, en todo o que ten que ver co baremo escúsase coas restricións fixadas polo Real Decreto de Concurso de Traslados e só indica que podería haber algún cambio en función da reunión que teñen co MEFP e as demais CC.AA. a finais de setembro en Madrid. A este respecto, e en resposta á CIG-ENSINO, di que descoñecen cal vai ser a disposición do MEFP no que ten a ver co recoñecemento dos servizos prestados como persoal interino mais que como xa aconteceu hai dous anos isto non vai afectar ao concurso galego.

### Meritocracia e non docencia para conseguir un destino

Mantemos a nosa crítica ao exceso de meritocracia no CXT. Está sobredimensionada a puntuación de cargos directivos que, como mínimo, debería ser consumíbel. Mentres se manteña, debe incrementarse a que ten que ver co desempeño doutros cargos (agora só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo), reforzando o papel da función docente e non só, como é agora, o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento ou unha coordinadora só poden sumar 5.

Tamén debería puntuarse **a substitución de cargos directivos e de coordinación de ciclos ou xefaturas de departamentos.** É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto.

### Apartado 1.2. (antigüidade noutros corpos do mesmo grupo).

Consideramos que é discriminatorio que ao profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe como tempo desempeñado no corpo de PES cando tivo que impartir obrigatoriamente. Este profesorado puntúa nestes casos 1,5 puntos por ano en vez de 2. A Consellaría non vai mudar esta decisión, que tamén aplica no baremo das oposicións.

### Responsábeis de centros de menos de 3 unidades

Que se cree unha nova tipoloxía de centros para que se teña en conta a puntuación que lles corresponde a estas persoas.

### Nivel básico das EOI e Grao elemental de Música

Demandamos que se puntúen dentro do apartado 3.

### Apartado 3.1. (Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios)

Solicitamos que se computen os mestrados propios nas universidades públicas sempre que cumpran cos requisitos homologábeis na súa duración e contidos aos que teñen os oficiais regulados no artigo 10 do RD 1393/2007, algo que finalmente non acepta a Consellaría. Entendemos que debe indicarse, como noutros apartados, que a puntuación e por “cada” mestrado, doutoramento, etc.

### Apartado 3.1.3.(DEA)

Debería ter a mesma puntuación que os mestrados, pois están equiparados.

### Apartado 4.3. (outras funcións docentes)

Destacamos diversas funcións que apareceron outros cursos e que non figuraban no borrador. Advertida do erro pola CIG-Ensino a Consellaría finalmente vai incorporar: asesoría AMTEGA, coordinación de emprendemento, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia e asesoría Abalar.

Demandamos que se puntúen as **coordinacións do grao elemental** e a **responsabilidade de calidade** dos centros nos que exista tal figura.

### Apartados 6.1 e 6.3. (publicacións e méritos artísticos e literarios)

Logo da nosa insistencia, este ano a Consellaría mudou e comprometeuse a que aparezan como anexo da convocatoria os **criterios de avaliación** destes méritos. Demandamos,

sen éxito, que se inclúan neste apartado os méritos de Arte Dramática e Audiovisuais e lembramos que hai problemas co material do proxecto Abalar que non se lle valora a quen o elabora.

### Puntuación de composicións

Deben terse en conta tanto as composicións estreadas como as publicadas e ter claros os requisitos en ambos casos, xa que hai tanto estreadas publicadas como non publicadas. Debe garantirse que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.

Reiteramos que hai que buscar unha solución para as **publicacións feitas no estranxeiro**, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

### Apartado 6.2. (premios e participación en proxectos de innovación)

Desde o noso punto de vista, este apartado debería volver

á comisión de baremación (como os 6.1 e 6.3 ) porque ten o suficiente nivel de subxectividade como para facelo, algo que a Consellaría non aceptou.

### Apartado 6.4. (servizos prestados á Administración)

Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a.

### Apartado 5. (formación)

Pedimos que se explicita que se van ter en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega.

### Apartado 6.5. (participación nos tribunais).

Non parece axeitado que se considere esta puntuación a quen ocupou a presidencia, porque foi a dedo, só a quen fora elixido/a mediante sorteo.

### Apartado 6.6. (titorías de mestrados universitarios)

Xa que se puntúan débese regular o acceso a elas nos propios centros para que, se hai varias persoas que queiran acceder a esa titorización, todas poidan ter ese dereito.



# Datos de interese relativos ao concurso

## Profesorado de Ensino Secundario

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado en expectativa neste curso	Profesorado desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso
590001	Filosofía	61,1332	24	17	3	0
590002	Grego	49,9494	6	1	1	0
590003	Latín	45,1664	9	0	2	0
590004	Lingua Castelá e Literatura	0,0000	38	49	3	75
590005	Xeografía e Historia	6,3330	45	59	1	63
590006	Matemáticas	2,6664	111	68	2	143
590007	Física e Química	9,5330	34	57	1	84
590008	Bioloxía e Xeoloxía	10,6662	36	44	1	60
590009	Debuxo	62,2660	13	22	3	0
590010	Francés	57,3741	27	27	3	0
590011	Inglés	51,1662	61	145	1	50
590012	Alemán	Sen Adx.	1	0	0	0
590016	Música	67,9940	14	36	8	0
590017	Educación Física	49,0328	19	51	5	0
590018	Orientación Educativa	29,5326	36	0	1	35
590019	Tecnoloxía	62,3662	10	42	3	65
590053	Lingua e Literatura Galega	53,8322	64	63	1	76
590061	Economía	49,1658	14	0	1	0
590101	Administración de Empresas	17,3300	24	0	0	0
590102	Análise e Química Industrial	0,0000	18	1	0	0
590103	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal	0	18	0	0	0
590104	Construcións civís e Edificación	47,9992	2	1	0	0
590105	Formación e Orientación Laboral	11,2321	10	7	1	0
590106	Hostalería e Turismo	0,0000	13	0	0	0
590107	Informática	54,2662	11	31	0	0
590108	Intervención Sociocomunitaria	Sen Adx.	6	0	0	20
590109	Navegación e Instalacións Mariñas	Sen Adx.	2	0	0	0
590110	Organización e Xestión Comercial	96,4662	17	0	0	25
590111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	60,1662	8	0	1	0
590112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	0,0000	8	1	0	0
590013	Organización e Proxectos Sistemas Informáticos	Sen Adx.	11	0	0	12
590115	Procesos de Produccion Agraria	74,1662	1	5	0	0
590116	Procesos na Industria Alimentaria	Sen Adx.	10	0	0	0
590117	Procesos de Diagnóstico Clínico e P. Ortoprotésicos	77,9541	4	0	0	5
590118	Procesos Sanitarios	89,5498	13	0	0	10
590119	Procesos e Medios de Comunicación	Sen Adx.	7	0	0	0
590120	Procesos e produtos de textil, Confección e Pel	Sen Adx.	3	0	0	0
590122	Procesos e produtos de Artes Gráficas	Sen Adx.	1	0	0	0
590123	Procesos e Produtos de Madeira e Moble	Sen Adx.	4	0	0	0
590124	Sistemas Electrónicos	36,7075	3	0	0	0
590125	Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	29,6250	10	0	0	25



## Profesorado Técnico de FP

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado en expectativa neste curso	Profesorado desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso
591201	Cociña e Pastelería	11,1827	7	10	0	0
591202	Equipamentos Electrónicos	0,0000	6	11	0	0
591203	Estética	Sen Adx.	17	0	0	10
591204	Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	73,9652	1	7	0	0
591205	Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos	Sen Adx.	8	0	0	17
591206	Instalacións Electrotécnicas	18,5414	6	9	1	0
591208	Laboratorio	0,0000	22	0	0	0
591209	Mantemento de Vehículos	11,7830	13	22	0	0
591211	Mecanizado e Mantemento de Máquinas	11,8947	5	0	0	0
591212	Oficina de Proxectos de Construción	41,5827	1	0	0	0
591214	Operacións e equipos de elaboración de p. alimentarios	Sen Adx.	8	0	0	0
591215	Operación de procesos	Sen Adx.	0	0	0	0
591216	Operacións de Producción Agraria	39,4164	1	0	0	18
591217	Patronaxe e confección	Sen Adx.	8	0	0	0
591218	Perrucaría	Sen Adx.	7	0	0	0
591219	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico	162,1000	9	0	0	16
591220	Procedementos Sanitarios e Asistenciais	76,2499	17	0	0	30
591221	Procesos comerciais	93,4498	16	0	0	24
591222	Procesos de Xestión Administrativa	55,5826	22	0	0	0
591223	Producción de artes gráficas	Sen Adx.	5	0	0	0
591225	Servizos á Comunidade	Sen Adx.	7	0	0	0
591226	Servicios de restauración	66,3332	11	0	0	15
591227	Sistemas e Aplicacións Informáticas	31,9996	8	35	0	0
591228	Soldadura	Sen Adx.	0	0	0	0
591229	Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son	Sen Adx.	10	0	0	0

## Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado en expectativa neste curso	Profesorado desprazado e suprimido neste curso	Funcionario en prácticas neste curso
592001	Alemán	129,6413	3	0	0	0
592002	Árabe	Sen adx	0	0	0	0
592004	Chinés	Sen adx	1	2	0	0
592006	Español para estranxeiros	Sen adx	3	0	0	0
592008	Francés	Sen adx	7	0	0	0
592009	Galego	Sen adx	5	0	0	0
592011	Inglés	100,3162	13	1	0	0
592012	Italiano	Sen adx	2	0	0	0
592013	Xaponés	Sen adx	0	0	0	0
592015	Portugués	Sen adx	0	2	0	0
592017	Ruso	Sen adx	0	0	0	0

## Profesorado de Música e Artes Escénicas

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado en expectativa neste curso	Profesorado desprazado e suprimido neste curso	Funcionariado en prácticas neste curso
594401	Acordeón	Sen Adx.	2	0	0	0
594403	Canto	Sen Adx.	1	0	0	0
594404	Clarinete	Sen Adx.	1	0	0	0
594405	Clave	Sen Adx.	2	0	0	0
594406	Contrabaixo	Sen Adx.	2	0	0	0
594408	Fagot	Sen Adx.	2	0	0	0
594410	Frauta travesa	Sen Adx.	0	2	0	0
594411	Frauta de bico	Sen Adx.	1	0	0	0
594412	Fundamentos composición	Sen Adx.	0	2	0	0
594413	Gaita galega	Sen Adx.	4	0	0	0
594414	Guitarra	0,0000	4	0	0	0
594416	Historia da música	Sen Adx.	0	1	0	0
594419	Oboe	Sen Adx.	2	0	0	0
594420	Órgano	Sen Adx.	0	1	0	0
594423	Piano	0,0000	1	1	0	0
594424	Saxofón	Sen Adx.	1	0	0	0
594426	Trombón	Sen Adx.	2	0	0	0
594428	Trompeta	Sen Adx.	0	2	0	0
594429	Tuba	Sen Adx.	1	0	0	0
594431	Viola	62,8832	2	0	0	0
594432	Viola da gamba	Sen Adx.	1	0	0	0
594434	Violoncello	0,0000	1	0	0	0
594442	Caracterización e indumentaria	Sen Adx.	1	0	0	0
594446	Dramaturxia	Sen Adx.	1	0	0	0
594448	Espacio escénico	Sen Adx.	1	0	0	0
594451	Interpretación	Sen Adx.	1	0	0	0
594459	Teoría teatral	Sen Adx.	1	0	0	0
594460	Linguaxe musical	0,0000	11	0	0	0

## Profesorado de Artes Plásticas e Deseño

Código	Nome	Puntuación mínima praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado expectativa neste curso	Profesorado desprazado e suprimido	Funcionariado en prácticas neste curso
595507	Debuxo artístico e cor	40,8414	2	0	0	0
595508	Debuxo técnico	Sen adx	1	0	0	0
595509	Deseño interiores	Sen adx	3	0	0	0
595510	Deseño de moda	Sen adx	1	0	0	0
595512	Deseño gráfico	Sen adx	5	0	0	0
595515	Fotografía	Sen adx	2	0	0	0
595516	Historia da arte	Sen adx	2	0	0	0
595517	Xoiería e orfebrería	Sen adx	1	0	0	0
595525	Volume	Sen adx	2	0	0	0
596604	Dourado e policromía	Sen adx	1	0	0	0
596612	Talla en pedra e madeira	Sen adx	1	0	0	0

## Mestres/as

Código	Nome	Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2018	Prazas ofertadas en 2018	Profesorado en expectativa neste curso	P. desprazado e suprimido CXT e CADP (1)	Funcionario en prácticas neste curso
597031	Educación Infantil	0,0000	87	0	46	110
597032	Idioma Estranxeiro: Inglés	7,8660	38	55	5	50
597033	Idioma Estranxeiro: Francés	0,0000	136	0	3	32
597034	Educación Física	0,0000	69	0	2	55
597035	Música	0,0000	73	0	4	35
597036	Educ. Especial: Pedagogía Terapéutica	11,8496	76	108	10	70
597037	Educ. Especial: Audición e Linguaxe	19,3320	31	128	9	90
597038	Primaria	15,2330	293	91	63	237
597060	Educac. Especial: Pedagogía Terapéutica	13,1164	23	0	7	0





(1) Datos extraídos tanto da orde que resolve o Concurso Xeral de Traslados do curso 2017/2018 (especialidade pola que foron suprimidos/as) como da adxudicación do CADP para o curso 2018/2019 (especialidade pola que foron adxudicados/as de xeito provisional para este curso).

Hai que ter en conta que os suprimidos/as e/ou desprazados/as poden pedir prazas no concurso de todas as especialidades das que sexan titulares ou estean habilitados/as.

## Mestres/as en expectativa por ano de oposición

Código	Nome	2013	2015	2016	2017	Total
597031	Educación Infantil					
597032	Idioma Estranxeiro: Inglés			10	45	55
597033	Idioma Estranxeiro: Francés					
597034	Educación Física					
597035	Música					
597036	Educ. Especial: Pedagogía Terapéutica		10	18	80	108
597037	Educ. Especial: Audición e Linguaxe	4	17	37	70	128
597038	Primaria		5	23	63	91

## Lembra que...

-  O feito de cubrir a instancia a través da internet non exime da obrigatoriedade de presentala por escrito.
-  As solicitudes do concurso poden presentarse nas secretarías dos centros.
-  As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán facelo aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva e esta é irrenunciábel.
-  Renunciar ao concurso implica a todos os efectos non ter participado nel. Isto deben telo en conta as persoas que teñan pensado solicitar algunha comisión de servizos para a que é requisito ter participado no CXT.

# Baremo a aplicar no

## 1. Antigüidade

### 1.1. Antigüidade no centro

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.1.1. Permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro	
Primeiro e segundo anos	2 puntos/ano
Terceiro ano	4 puntos
Cuarto ano e seguintes	6 puntos/ano
1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade	2 puntos
1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de especial dificultade	2 puntos

### 1.2. Antigüidade no corpo

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
1.2.1. Servizos efectivos como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante	2 puntos/ano
1.2.2. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes do mesmo ou superior subgrupo	1,5 puntos/ano
1.2.3. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes de subgrupo inferior	0,75 puntos/ano

## 2. Pertenza aos corpos de cátedras

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño	5 puntos

## 3. Méritos académicos (max. 10 puntos)

### 3.1. Doutoramento, posgraos e premios e extraordinarios

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.1.1. Título de doutor	5 puntos
3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública (polo menos 60 créditos)	3 puntos
3.1.3. Suficiencia investigadora ou diploma de estudos avanzados	2 puntos
3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior	1 punto

### 3.2. Outras titulacións universitarias

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
3.2.1. Titulacións de grao	5 puntos
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo	3 puntos
3.2.3. Titulacións de segundo ciclo	3 puntos

### 3.3. Titulacións de ensinanza de réxime especial e da FP

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa	4 puntos
Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa	3 puntos
Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa	2 puntos
Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa	1 punto
Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP	2 puntos
Por cada título profesional de música e danza	1,5 puntos

## 4. Cargos directivos e outras funcións (max. 20 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
4.1. Director/a	4 puntos/ano
4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a	2,5 puntos/ano
4.3. Outras funcións docentes	Até 5 puntos
Por cada ano como coordinador/a de ciclo, do proxecto Abalar, de centro plilingüe, de sección bilingüe, de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, das dinamizacións das TIC, de biblioteca, da convivencia escolar, da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, do ENDL, da FCT, do bacharelato internacional, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor AMTEGA, asesor/a Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. As fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	1 punto/ano

## 5. Formación e perfeccionamento (max. 10 puntos)

SUBPARTADO	PUNTUACIÓN
5.1. Actividades de formación superadas	Até 6 puntos
Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relaciónadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	
5.2. Impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no 5.1.	Até 3 puntos
Puntuarase con 0,1 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.	
5.3. Por cada especialidade da que se sexa titular do corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo	1 punto



# Concurso de Traslados

## 6. Outros méritos (max. 15 puntos)

### 6.1. Publicacións (até 8 puntos)

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, de 2 de novembro modificado polo Real Decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, no seu caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en as que o autor sexa o editor das mesmas.

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias indicadas na convocatoria.

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
<b>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico)</b>	Até 8 puntos
Autor	Até 1 pto
Coautor	Até 0.5 ptos
3 autores	Até 0.4 ptos
4 autores	Até 0.3 ptos
5 autores	Até 0.2 ptos
Máis de 5 autores	Até 0.1 ptos
<b>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico)</b>	
Autor	Até 0.2 ptos
Coautor	Até 0.1 ptos
3 ou máis autores	Até 0.05 ptos
<b>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b> - No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas. * Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.) Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. - No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas * Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.) - No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e a URL. Ademais presentaranse un exemplar impreso.	

## Disposición complementaria primeira

### A TER EN CONTA

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

### 6.2. Premios en investigación ou innovación (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Por premios de ámbito galego, estatal ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos.	Até 2,5 puntos
<b>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b>	
A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola administración educativa correspondente.	

### 6.3. Méritos artísticos e literarios (máx. 2,5 puntos)

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
	Até 2,5
- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito galego, estatal ou internacional.	No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome dos/as premiados/as, o seu ámbito e a categoría do premio.
- Por composicións ou coreografías estreadas como autor/a ou gravacións con depósito legal.	No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o auto/ar e o seu depósito legal.
- Concertos como director/a, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)	No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal. No caso dos concertos: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo.
- Por exposicións individuais ou colectivas.	No caso de exposicións: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora.

### 6.4. Postos administración educativa

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa. (A fracción de ano computarase 0,12 por mes)	1,5 puntos

### 6.5. Membros de tribunais

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Membro de tribunal dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.	0,25 puntos/ano

### 6.6. Titorización de alumnos

SUBPARTADO	PUNTAUACIÓN
Titoría das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.	0,1 puntos/ano

# Outros concursos específicos

## Concurso de orientación do corpo de Mestres/as

A **CIG-ENSINO** demandou na Mesa Sectorial a convocatoria dos Concursos específicos de Orientación do corpo de mestres e de prazas para as EPAPU. Posteriormente desde o sindicato remitimos un escrito á Consellaría no que insistiamos na necesidade de publicar estas convocatorias, especialmente a de Orientación de centros de primaria dado o elevado número de prazas adxudicadas no CADP. No caso de Orientación do corpo de mestres ofertáronse

con destino provisional **116 prazas para xefaturas deste departamento**: 38 na provincia da Coruña, 11 na de Lugo, 5 en Ourense e 62 en Pontevedra. Descartando algunhas destas prazas que están ocupadas por profesorado con destino definitivo con reserva da súa praza, o certo é que unha parte importante delas debería ser ofertada xa neste curso. A Consellaría debe asumir que esta **convocatoria** sexa **anual**, como o concurso de traslados.

*Demandamos a convocatoria do concurso de Orientación do corpo de mestres.*

*No CADP adxudicáronse 116 prazas provisionais desta especialidade*

*A Coruña: 38  
Lugo: 11  
Ourense: 5  
Pontevedra: 62*

## Concurso para centros de persoas adultas (EPAPU)

A **CIG-ENSINO** tamén demandou que se publicara esta convocatoria no presente curso sempre que existisen vacantes con horario suficiente. O certo é que da adxudicación de destinos provisionais despréndese que existen unha serie de prazas nestes centros que hai que aclarar se deben ser ofertadas e por que especialidades, algo que non fixo a Consellaría na Mesa Sectorial. Só se comprometeu a revisar se existe esa necesidade ou non.

*No momento do peche de edición deste CIG-Inforna non está decidido se a Consellaría convocará estes concursos ou non.*

*Desde a CIG-Ensino demandámoslle na Mesa Sectorial que abra todas as posibilidades de mellora de destino para o seu persoal docente como un dereito que lle corresponde.*

EPAPU	PRAZAS NO CADP (Todas as especialidades)
EPAPU EDUARDO PONDAL	7
EPAPU SANTA MARÍA DE CARANZA	6
EPAPU TEIXEIRO	1
EPAPU ALBEIROS	9
EPAPU BONXE	4
EPAPU PEREIRO DE AGUIAR	2
EPAPU OURENSE	10
EPAPU NELSON MANDELA	5
EPAPU RÍO LEREZ	11
EPAPU BERBÉS	10
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>

# Concurso para Equipos de Orientación Específicos

## Prazas ofertadas

A Consellaría de Educación leva sen modificar a estrutura da Orientación Educativa en Galiza desde 1998, malia as constantes propostas e demandas feitas pola **CIG-ENSINO** en todos estes anos e que nos consta son compartidas polo profesorado. Despois de todos este tempo, mantense unha estrutura provincial absolutamente insuficiente para atender todas as necesidades e demandas dos centros educativos. A CIG-Ensino demandou con insistencia que se tiña que ir a unha estrutura descentralizada e comarcalizada. Dixemos xa en moitas ocasións que un primeiro paso debería darse coa **creación de EOE en cada unha das sete cidades**. Manter catro equipos, un por provincia, é unha estrutura obsoleta.

Ao respecto das vacantes temos constancia de que non se ofertan todas as existentes:

- **EOE de Pontevedra.** Hai unha xubilación de hai dous anos de Trastornos da Conduta que se ofertou e quedou deserta. Solicitamos que se oferte. A Consellaría comunicou na Mesa que se incluíría.

- **EOE da Coruña.** Hai dúas prazas catalogadas e non ofertadas desde hai anos: AL e Traballo Social, que se manteñen noutros EOE. Tamén hai necesidade de crear unha nova praza de Altas Capacidades Intelectuais. Afirmaron que revisarían a nosa solicitude mais non se comprometeron a incluíla.

ESPECIALIDADE	EOE	PAZAS
Altas capacidades intelectuais	A Coruña	1
Trastornos xeralizados do desenvolvemento-trastorno do espectro do autismo	A Coruña	1
Discapacidade motora	Lugo	1
Orientación vocacional e profesional	Lugo	1
Discapacidade sensorial	Ourense	1
Trastornos da conduta	Pontevedra	1

## Propostas ao articulado

**Artigo 3º.1. Obriga de ter 2 anos de destino definitivo na praza actual.** Cada vez que se convoca un concurso específico presentamos a mesma queixa: a discriminación que se produce con aquelas persoas que veñen de obter un novo destino definitivo e que agora non poden presentarse a este específico. Debe arbitrarse un mecanismo para que poida participar todo o profesorado.

**Artigo 4º. Corpo de Mestres.** O profesorado do corpo de mestres está excluído desta convocatoria e a escusa da Consellaría é que o Decreto 120/1998 non o permite. Como noutras ocasións entendemos que, reunindo os requisitos de titulación, as mestras e mestres deberían poder optar ás prazas dos EOE.

**Artigo 5º. Proxecto en galego.** Como facemos en todos os concursos nos que é preceptivo presentar un proxecto demandamos que sexa obrigatorio presentalo en galego.

**Artigo 7º. Comisión de selección**

A comisión debe conformarse cun sorteo entre o profesorado de Orientación dos IES e dos propios EOE. Debe ter un carácter técnico pedagóxico.

**Artigo 11º. Cobertura provisional de prazas.** A convocatoria mantén que existirá unha lista de posíbeis persoas para a cobertura provisional das prazas e que dela formarán parte quen obteña a puntuación mínima no proxecto. Está totalmente demostrado que non abonda con esta medida. De feito, en ausencia de persoas que cumpriran ese requisito, a Consellaría ten optado por designar a outras persoas en comisión de servizos. Por tanto, propomos novamente que se cree unha listaxe con todas as persoas participantes no concurso de méritos e que se ordene pola puntuación obtida nel, sen excluír ninguén.

A cobertura provisional das prazas ten que estar limitada ao remate do curso escolar e a praza debe ofertarse inmediatamente na seguinte convocatoria e isto debe aparecer expresamente no texto da convocatoria.



# Programa de FORMACIÓN

## Curso 2018-2019



[www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal) e [cig-ensino.gal](http://cig-ensino.gal), apartado de formación

cursos presenciais	DATAS e LUGAR	CURSO
	22 setembro. Ourense	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	6 outubro. Santiago	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	20 outubro. A Coruña	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	27 outubro. Pontevedra	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	10 novembro. Vigo	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	17 novembro. Lugo	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	22 setembro. Ourense	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	6 outubro. Santiago	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	20 outubro. A Coruña	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	27 outubro. Ferrol	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	27 outubro. Pontevedra	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	10 novembro. Vigo	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	17 novembro. Lugo	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	1 decembro. Santiago	Comentario de textos filolóxico, lingüístico e literario
	Do 24 ao 27 de setembro. Lugo	Educación da voz
	Do 24 ao 28 setembro. Pontevedra	XXX Semana de Educación de Pontevedra
	24, 26, 27 setembro. Ferrol	XXV Encontros Pedagóxicos de Ferrol
	Do 13 ao 22 de setembro. Vigo	Paseos Pedagóxicos de Vigo
	Do 17 ao 26 setembro. Vigo	XLII Xornadas do ensino de Vigo
2º trimestre. Santiago	XVIII Xornadas de lingua e literatura	
2º trimestre. Santiago	XVI Xornadas das Mulleres	
2º trimestre. Santiago	XXII Xornadas de Educación Infantil	
cursos teleformación	DATAS	CURSO
	Do 2 ao 22 de outubro	Portugués intermedio Elaboración de materiais didácticos dixitais e interactivos
	Do 24 de outubro ao 13 de novembro	Inglés intermedio para docentes Claves para a implementación e avaliación do plan de convivencia nun centro educativo
	Do 15 de novembro ao 10 de decembro	Funcionamento dos departamentos de orientación As grandes descoñecidas galegas na cultura mundial. Maruja Mallo, María Casares e María Luz Morales
	Do 9 ao 29 de xaneiro	Como elaborar curtametraxes nas aulas A integración das competencias emocionais no currículo
	Do 31 de xaneiro ao 20 de febreiro	Proxecto ABN. Outro xeito de aprender matemáticas A aula invertida. Novos usos docentes para as TICs
	Do 22 de febreiro ao 14 de marzo	Ferramentas TIC para traballar a igualdade. Feminis-tic Metodoloxías inclusivas para a atención á diversidade
	Do 18 de marzo ao 9 de abril	A situación da lingua galega no ensino Novas maneiras de estimular a lectura. Da biblioteca ás redes
	Do 25 de abril ao 15 de maio	Antón Fraguas. Día das letras galegas, 2019 O xogo como ferramenta pedagóxica

**#ProfesoradoConDereitos**